

[FAI UN CLICK: DESCUBRE](#)



Ruta polo proxecto

O Mundo que queremos é un proxecto de Educación para o Desenvolvemento que ten por obxectivo conseguir que o alumnado sexa consciente da interconexión que existe entre as realidades locais e as dinámicas globais para traballar a corresponsabilidade que todas e todos temos na construción da xustiza social. Este ambicioso obxectivo abordárase ao longo de todo o curso académico a través dun estudo diagnóstico, cinco intervencións na aula, un encontro final e unha avaliación. Ademais, teremos un [espazo web](#) propio do proxecto con información e recursos ao servizo das persoas protagonistas do mesmo. Esta pequena guía pretende deixar clara a ruta do proxecto, as metodoloxías que se van a empregar e o que necesitamos de todas e todos vós.

Estación 1

Que é a cooperación internacional e que pretendemos con este proxecto?

Na primeira parada de este proxecto achegarémonos aos centros educativos para explicarlles ao noso alumnado en que consiste o noso proxecto e que esperamos desta aventura.

A través dunha metodoloxía baseada na participación, na experimentación e na reflexión traballaremos conceptos claves do proxecto. Dinámicas como os xogos de rol ou o xogo de cadeiras facilitarán ao alumnado o debate e a reflexión sobre temas como a desigualdade social, a pobreza, o desenvolvemento sostible, a corresponsabilidade... conceptos complexos, pero que a través de accións lúdicas son máis sinxelos de incorporar para o alumnado.

Cales son os [ODS](#):

- | | |
|--|---|
| 1. Fin da pobreza | 9. Industria, Innovación e Infraestrutura |
| 2. Fame 0 | 10. Redución das desigualdades |
| 3. Saúde e Benestar | 11. Cidades e Comunidades Sostibles |
| 4. Educación de Calidade | 12. Produción e Consumo Responsable |
| 5. Igualdade de Xénero | 13. Acción polo Clima |
| 6. Auga limpa e saneamento | 14. Vida Submarina |
| 7. Enerxía Asequible e non Contaminante | 15. Vida de Ecosistemas Terrestres |
| 8. Traballo Decente e Crecemento Económico | |
| 16. Paz, Xustiza e Institucións Sólidas | |

- Cada aula poderá escoller un dos obxectivos, aínda que se repitan, pois non é necesario traballalos todos.

Outros temas a abordar nesta xornada, que facilitarán o traballo nas seguintes fases:

- **País escollido da visita do Sur:** República Dominicana
- **Recuncho do proxecto:** espazo na aula onde se darán avisos sobre o propio proxecto e se recollerá información sobre o país do Sur
- **Equipo promotor:** se escollerá entre o alumnado un equipo promotor do proxecto que asumirá o reto e a responsabilidade de ser o enlace entre nós e os seus compañeiros e compañeiras, e estar ao tanto das tarefas que se lles encomendan.

- ✓ Datat previstas: Decembro
- ✓ Número de alumnado: aula (máximo 27)
- ✓ Tempo: 100 min

Necesidades:

- A presenza do profesor/a na aula para presentar ao equipo ao alumnado
- proxector, ordenador e conexión a internet

Responsables: Ros López e Paula Rojas de [Educo](#) que se repartirán nos seis centros, sendo cada unha delas responsable de tres durante todo o curso.

Información complementaria:

[Conceptos Clave](#)

[Guía para o profesorado na cooperación](#)

Estación 2

A comunicación como ferramenta de cambio social

Na segunda parada serán os obradoiros de radio e fotografía. Parte central do proxecto porque buscan que os rapaces e rapazas interioricen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) a través de ferramentas de comunicación.

Os obxectivos da 1º sesión destes obradoiros son:

- Coñecer mellor os medios de comunicación e a súa vertente máis social
- Reflexionar en torno aos ODS
- Facernos máis críticos e donos do noso propio discurso
- Fomentar a creatividade
- Organizarse para traballar en equipo

Nesta sesión abordaremos o ODS escollido para a aula, trazaremos un plan de acción para conseguir a información, os audios ou as imaxes necesarias para construír o noso produto de comunicación, e formaremos os equipos.

- ✓ Datas previstas: Xaneiro
- ✓ Número de alumnado: aula (máximo 27)
- ✓ Tempo: 100 min

Necesidades:

A presenza do profesor/a na aula pode ser útil para que coñezan as ferramentas e poidan aplicalas noutras materias

Altofalantes para conectar co ordenador, proxector, e conexión a internet

Responsables: Óscar Vázquez en fotografía e Rocío Cadahía en radio, ambos de [Agareso](#). Estarán acompañados como enlace por Ros e Paula.

Dossier específicos sobre este obradoiro: [envío axunto](#)

Estación 3:

Aprender facendo, construíndo discurso

Esta terceira estación chegará dúas ou tres semanas despois da segunda, dependendo da dispoñibilidade dos centros educativos. Nesta segunda sesión dos obradoiros de radio e fotografía intentarase crear un produto final no que o alumnado constrúa un discurso a través de audios ou imaxes sobre as cuestións sobre as que investigaron e debateron.

A intención é poder saír nesta xornada cun produto pechado, pero se quedaran traballos por entregar, Rocío e Óscar estarán en contacto tanto co equipo promotor do alumnado como co profesorado responsables da aula para que poidan ser facilitados por correo electrónico.

Estes traballos serán subidos á web do proxecto e as nosas redes sociais. Pero tamén serán expostos na presentación final do proxecto para ser compartidos co resto do alumnado e coa comunidade educativa.

- ✓ Datas previstas: Febreiro
- ✓ Número de alumnado: aula (máximo 27)
- ✓ Tempo: 100 min

Necesidades:

Control do profesor/a asignado á aula da evolución dos traballos, desde o 2º ao 3º obradoiro

Altofalantes para conectar co ordenador, proxector, e conexión a internet

Responsables: Óscar Vázquez en fotografía e Rocío Cadahía en radio. Ambos serán acompañados como enlace por Ros e Paula.

Mostra traballos anos anteriores:

Radio: http://www.ivoox.com/escuchar-o-mundo-queremos_nq_116806_1.html

Foto: <https://www.youtube.com/channel/UCsmcghPiFrmWVqBw5BZVVtw>

Estación 4 .

Teatro da oprimida

A través da metodoloxía do Teatro Foro, unha das técnicas do Teatro dxs Oprimidxs, as compañeiras convidarán o alumnado a coñecer a Ana e a súa viaxe. Viviremos con ela a súa historia e compartiremos as dificultades que se vai atopando neste camiño. Para ao final entre todas e todos buscar alternativas ás situacións de opresión que vive Ana só polo feito de ser muller e migrante.

Traballarase a través desta historia o tema do racismo, a inmigración e a desigualdade e violencias de xénero... problemáticas que o alumnado terá que saber identificar na vida cotiá de Ana, pero sobre todo terá que ser partícipe da súa solución aportando alternativas.

- ✓ Datat previstas: Marzo
- ✓ Número de alumnado: 2 aula (máximo 50)
- ✓ Tempo: 100 min

Necesidades:

A presenza do profesor/a na aula para control da participación do alumnado

Espazo suficiente para que as actrices poidan interactuar co alumnado. Pode ser un salón de actos

Responsables: Ángela Fraga do grupo de teatro [100Tolas](#). Serán acompañadas como enlace por Ros e Paula.

Máis información da dinámica:

<http://omundoquequeremos.org/a-viaxe-de-ana-no-ies-isidro-parga-pondal>

Estación 5.

Unha visita moi especial de República Dominicana

Na quinta estación recibiremos unha visita moi especial. Persoas que participan nos nosos proxectos en países do Sur achegaranse a Galicia para compartir co alumnado a súa experiencia, contarlles as súas dificultades, pero tamén os seus éxitos, e convidalos a ver o mundo desde a súa perspectiva.

Nesta ocasión teremos a dúas persoas de República Dominicana que forman parte dos proxectos da ONGD [Asemblea de Cooperación pola Paz](#) e que están contribuíndo o desenvolvemento do seu país desde o traballo comunitario.

A metodoloxía neste caso será clásica en formato charla, pero se primará a participación activa do alumnado facendo preguntas. Tamén se lles pedirá que leven bolígrafo e caderno para facerlles pequenas entrevistas ás nosas convidadas.

- ✓ Datas previstas: Abril
- ✓ Número de alumnado: 1 ou 2 aula (máximo 50)
- ✓ Tempo: 100 min

A presenza do profesor/a na aula

Espazo suficiente para a charla, sempre mellor un salón de actos ou un aula aberta.

Responsables: Lorena Seijo de Agareso e Asemblea de Cooperación pola Paz. Acompañada por Ros ou Paula dependendo do centro educativo.

Mostra das visitas de anos anteriores:

<http://omundoquequeremos.org/colombia-un-pouco-mais-preto>

Fin de traxecto. Queremos alzar a voz

Nesta última estación, o tren que nos levou de aventura pola Cooperación e os países do Sur chega ao seu fin, pero queremos rematar espallando as nosas mensaxes o máis alto e lonxe posible.

Cada centro educativo organizará unha presentación, na medida das súas posibilidades, para amosar o traballo realizado durante o curso. Esta presentación pode ser nalgún outro espazo do municipio, ao aire libre, dentro do propio centro educativo... e os convidados e convidadas tan numerosos e variados como estime o propio centro educativo.

Promoverase que o alumnado idee algún tipo de acción de incidencia política para demandar o cumprimento dos dereitos traballados durante o curso, ademais de poder mostrar os seus traballos de foto e radio.

- ✓ Datas previstas: Maio-junio
- ✓ Número de alumnado: sen límite
- ✓ Tempo: flexible

Implicación directa do profesorado e do grupo promotor na organización

Espazo acaído escollido polo centro educativo

Fixar a data o antes posible para evitar coincidencias con outras actividades de fin de curso, excursións, exames...

Responsables: profesorado, alumnado e equipo ao completo do proxecto

Dúbidas frecuentes:

- Cada aula terá que escoller un só obradoiro práctico: foto ou radio, intentando que a escolla sexa equilibrada por número de aulas. As temáticas a abordar poden repetirse
- A implicación do profesorado non vén dada tanto polo aporte en "traballo directo" como na necesidade de darlle seguimento ao proxecto e motivar ao alumnado
- Somos 6 organizacións diferentes, podeades abordarnos coas vosas dúbidas a calquera de nós cando vaiamos polo centro, pero o enlace permanente será María Caride de Solidariedade Internacional de Galicia.
- Necesitamos e promovemos os comportamentos respetuosos por parte do alumnado, pero non somos partidarias de botar da aula ao alumnado problemático se o mal comportamento non impide o



desenvolvemento do obradoiro. En todo caso preferimos darlles a estes alumnos/as unha maior responsabilidade dentro do proxecto.

- Tanto en FB como en Twitter podédenos atopar en: @omundoquequeremos. E si, queremos que nos atopedes e que compartades a información nas páxinas do centro e nas vosas as redes.
- E si, tamén queremos que o traballo do alumnado teña difusión e vexan a repercusión fóra do centro, así que se tedes contactos en medios de comunicación convidádelos a asistir aos nosos obradoiros ou pasádenos o seu contacto para facelo nós.

Contactos:

María Caride/Solidariedade Internacional de Galicia

Móbil: 626913681/ sensibilizacion@solidaridadgalicia.org

Paula Rojas e Ros/Educo

Móbil:677455829/ paula.rojas@educo.org

Móbil: 677494074/ rossrlm@hotmail.com

Lorena Seijo/AGARESO e ACPP

Móbil: [616054138](tel:616054138)/coordinacion@agareso.org

Rocío Cadahía/AGARESO

Móbil: 605316039/ cadahia@hotmail.com

Óscar Vázquez/AGARESO

Móbil: 635597198/ oscardacosta82@gmail.com

Ángela Fraga/100 Tolas

Móbil 679921499/ tortugaeducadora@gmail.com